



CONTRATO DE XESTIÓN 2026 - 2027

1- INTRODUCCIÓN

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (no sucesivo LOFAXGA), na súa disposición adicional cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas.

Mediante o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, aprobouse o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante Estatutos) entidade pública instrumental da Administración autonómica que ten como misión impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. (Publicado no DOG 163 do 26 de agosto de 2011 e entrada en vigor ao mes da súa publicación no DOG).

Coa sesión constitutiva do Consello Reitor do día 21 de outubro de 2011, quedou formalmente constituída a Axencia Galega de Infraestruturas.

O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno da Axencia Galega de Infraestruturas. Dentro das súas funcións está a aprobación da proposta do contrato de xestión da axencia.

Con data 19 de xaneiro de 2012, o Consello da Xunta de Galicia acorda aprobar o primeiro Contrato de Xestión da AXI. Rematado o ámbito temporal dese contrato de xestión, o 6 de marzo de 2014 o consello da Xunta de Galicia acorda aprobar o segundo contrato de xestión 2014-2015, o 31 de marzo de 2016 aprobouse o relativo aos anos 2016-2017, o 11 de xaneiro de 2019 o contrato para o período 2018-2019, o 20 de febreiro de 2020 o contrato para o 2020-2021 e o 13 de xaneiro de 2022 o contrato para o 2022-2023. Na actualidade está en vigor o sétimo contrato de xestión 2024-2025 aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 29 de abril de 2024.

Polo tanto, o presente documento responde a necesidade de contar co seguinte contrato de xestión que abrangue o período 2026-2027.

Por último, e de conformidade co previsto na disposición derradeira segunda dos Estatutos, atribúese á axencia a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI-Galicia). Sen prexuízo das atribucións que lle corresponden á consellería competente en materia de facenda, a axencia exercerá o control funcional e de eficacia da sociedade pública. Para tales efectos, a axencia poderá dar instrucións á sociedade respecto ás liñas de actuación estratéxica e establecerá as prioridades na súa execución.

2.- OBXETO E VIXENCIA DO CONTRATO PLURIANUAL DE XESTIÓN

O contrato plurianual de xestión terá por obxecto regular a actividade da axencia e as relacións recíprocas entre esta e a Administración da comunidade autónoma; todo iso no marco da lexislación xeral e específica vixente durante o seu período de aplicación.

De conformidade co artigo 21.3 dos Estatutos da axencia o contrato de xestión aprobarase para períodos de dous anos coincidente con exercicios orzamentarios. Nesta liña, a súa vixencia será para o período 2026-2027.

3.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, LIÑAS DE ACTAUCIÓN, OBXECTIVOS OPERATIVOS E PROXECTOS

3.1.- OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

A partir das competencias e funcións da Axencia, e tendo en conta o desenvolvemento e os obxectivos acadados nos anteriores períodos bianuais dende o inicial 2012-2013 ata o actual 2024-2025, segundo o seu contrato de xestión plurianual; o escenario actual; e a previsible evolución para os vindeiros anos, establécense os obxectivos estratéxicos, que definen os principais resultados que se esperan lograr co funcionamento da axencia no marco temporal do contrato de xestión.

Para a fixación dos obxectivos estratéxicos da Axencia debe partirse da importancia de dous factores. Por unha parte, os diferentes modos de financiamento con Fondos Europeos a través do Programa Galicia FEDER correspondente ao período 2021-2027, así como a súa participación noutros obxectivos a desenvolver por outros centros directivos a través de acordos de colaboración e encomendas de xestión. Por outra parte, cómpre ter en conta a experiencia obtida da xestión e avaliación dos anteriores contratos de xestión, e especialmente o sétimo referido ao período en vigor 2024-2025 para poder introducir todas aquelas cuestións pertinentes para adaptalo á realidade e ás necesidades detectadas.

Con esas dúas premisas, os obxectivos estratéxicos céntranse en dous aspectos claramente diferenciados:

- Os obxectivos estratéxicos centrados no obxecto específico da axencia consistente en planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas, así como as encomendas de xestión que se poidan recibir doutros centros directivos da Xunta de Galicia.
- O obxectivo estratéxico que avalía o funcionamento da Axencia na súa xestión do dominio público viario.

A continuación se recollen os catro obxectivos estratéxicos en que se concreta a actuación da Axencia:

1. Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas.
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma, conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa.

3. Garantir a seguridade na mobilidade, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Cómpre sinalar o carácter transversal da seguridade viaria en todo o proceso de xestión da rede de estradas, que afecta dende a propia planificación, proxección, construción e explotación, nun proceso cíclico que se vai nutrido do resultado e análise dos estadios anteriores.

4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia, para o desenvolvemento das competencias que lle son propias e para atender as encomendas de xestión que reciba de outros centros directivos.

3.2.- PLANS DE ACTUACIÓNS E OBXECTIVOS OPERATIVOS

Os obxectivos operativos constitúen a concreción dos obxectivos estratéxicos e defínense como a descrición específica dun resultado que se quere conseguir.

Para acadar os obxectivos operativos establécense os seguintes plans de actuación:

- 1. En materia de recursos humanos**
- 2. En materia de planificación, programación e proxectos**
- 3. En materia de construción, conservación e explotación de estradas**
- 4. En materia de seguridade viaria**
- 5. En materia de avaliación e seguimento para a mellora da xestión da axencia**

3.2.1. En materia de recursos humanos

No primeiro contrato de xestión, e tendo en conta o Plan de optimización dos custes de persoal aprobados en abril de 2011, fixéronse como obxectivos operativos o aforro en gasto de persoal e a racionalización do número de efectivos.

Co fin de acadar eses obxectivos deseñouse unha estrutura administrativa da Axencia coherente co desenvolvemento do seu traballo en aras a conseguir a maior eficiencia na súa xestión tal e como se recolle no capítulo II dos seus Estatutos, e que se concretou coa aprobación da Relación de postos de traballos polo consello da Xunta na súa reunión do 10 de maio de 2012.

Unha vez acadados os obxectivos fixados, que se centraban en aspectos económicos, e por tanto, optimizados os custos de persoal, resulta necesario avaliar a eficacia e eficiencia do desenvolvemento dos traballos da Axencia cos recursos humanos cos que se dispón na actualidade, a través do cumprimento dos obxectivos operativos consignados no contrato de xestión tal e como xa se recolleu nos seguintes contratos de xestión.

Cómpre mencionar que dende o inicio do funcionamento da axencia ata a actualidade aprobáronse diferentes modificacións da estrutura e da relación de postos de traballo co fin de adaptarse as novas necesidades que demandaba a xestión da actividade da axencia.

En consecuencia, o obxectivo operativo deste plan de actuación é o seguinte:

- Cumprir os obxectivos da axencia cos medios humanos dispoñibles.

3.2.2.- En materia de planificación, programación e proxectos

As infraestruturas de comunicacións e transportes constitúen un elemento fundamental para o desenvolvemento de Galicia, por tres motivos principais: a posición xeográfica periférica de Galicia, o seu sistema urbano policéntrico e a dispersión dos seus asentamentos.


Nos últimos anos a rede de estradas en Galicia foi experimentando un constante incremento na súa lonxitude, pasando dos 15.853 km de estradas existentes no ano 1990 ata os 17.593 km no ano 2023, o que supuxo un incremento de 1.740 km na súa lonxitude en menos de 35 anos. Os datos máis actualizados son:

Provincias / Administración Territorial	Kms estradas				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Xunta de Galicia a 30/10/2025	1.710,45	1.474,16	1.020,56	1.278,35	5.483,52
Estado a 31/12/2023	566,00	776,00	498,00	535,00	2.375,00
Deputacións a 31/12/2023	2.055,00	4.217,00	1.852,00	1.607,00	9.731,00
GALICIA	4.331,45	6.467,16	3.370,56	3.420,35	17.589,52

Se ademais a analizamos a evolución das vías de altas prestacións (VAP) conséntase un incremento de máis do 1.024% dende o ano 1990:

- En concreto, a evolución do Ministerio de Transportes y Mobilidade Sostible de 138 km no ano 1990 ata os 943 km no 2023.
- Para a Xunta de Galicia, a evolución, de 3 km no ano 1990, a os 503 km no ano 2023.

	1989	1999	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
XUNTA DE GALICIA	0	103,8	223,91	234,76	258,7	312,58	344,24	374,5	396,21	413,66	437,12	447,58	451,16	482,58	497,05	497,05	499	503	503	501	503
MINISTERIO DE FOMENTO	125,06	599,16	727,75	727,75	754,75	784,12	793,56	821,23	853,25	856,85	848	863	911	921	918	918	940	947	943	941	941
TOTAL Kms	125,06	702,96	951,66	962,51	1013,45	1096,7	1137,8	1195,73	1249,46	1270,51	1285,12	1310,58	1362,16	1403,58	1415,05	1415,05	1439	1450	1446	1442	1444



Á vista dos datos recollidos nas táboas anteriores pode comprobarse que na actualidade a xeografía galega atópase estruturada por unha importante lonxitude de quilómetros tendo en conta todo o conxunto das redes de estradas das distintas administracións competentes. Se ben, aínda resulta necesario apostar pola execución de tramos de estradas de novo trazado que solucionen problemas puntuais de tráfico e comunicación e consigan vertebrar o conxunto do territorio da Comunidade, resulta aínda máis necesario que a planificación da Axencia se centre en maior medida na conservación e mellora desta rede de estradas para garantir a seguridade viaria dos usuarios que circulan por ela. Por ese motivo é importante que dentro deste plan de actuación se poña o foco de atención tamén na planificación dos traballos relacionados coa conservación extraordinaria.

Así mesmo, dentro do marco das políticas desenvolvidas en materia de seguridade viaria e recollidas no Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021-2025 (e que terán continuidade no novo Plan no que se está a traballar) e no Programa Galicia FEDER 2021-2027, esta Axencia se encargará de executar as medidas para o desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sostible mediante a planificación e construción de sendas peonís e ciclistas que supoñan unha alternativa aos desprazamentos en vehículos privados e as importantes melloras medioambientais derivadas. Con este fin se elaborou unha estratexia de mobilidade alternativa para o vehículo privado no ámbito de Galicia, co fin de poder determinar os ámbitos territoriais prioritarios para o seu desenvolvemento, e en cada un deles os estudos que concreten os itinerarios nos que se executarán as novas sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe. Así mesmo cómpre salientar que neste período continuarase o programa de actuacións para mellorar a configuración da estrada en todos os treitos identificados como de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas.

Os **obxectivos operativos** definidos nesta liña de actuación son os seguintes:

- Planificar as actuacións na rede de estradas en coherencia coas demandas dos usuarios

- Harmonizar a protección da Rede Autonómica de Estradas de Galicia coa ordenación urbanística das súas marxes

3.2.3.- En materia de construción, conservación e explotación de estradas

En materia de construción e conservación da rede viaria, prestarase especial atención a conservación e mantemento das estradas de titularidade autonómica.

Igual que se establecía dentro do plan de actuación en materia de planificación, programación e proxectos, resulta imprescindible que dentro deste plan se faga fincapé nunha intensa campaña de reforzos de firme a executar de forma continuada que solvente o natural desgaste dos firmes sometidos ao paso do tráfico continuo.

Así mesmo cómpre salientar que dentro do Programa Operativo Galicia FEDER 2021-2027 se recollen unha serie de accións específicas que se detallan a continuación:

- Plan de acción contra o ruído
- Resiliencia fronte ao cambio climático de noiros e muros

Nesta liña de actuación, establécense os seguintes **obxectivos operativos**:

- Mellorar a eficiencia na execución das obras
- Garantir a conservación da RAEGA como medio imprescindible de asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación así como a vialidade invernal
- Estudar o uso e explotación da RAEGA e controlar eficientemente a súa xestión administrativa

3.2.4 .- En materia de seguridade viaria

A Xunta de Galicia elaborou o Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2021-2025 como un instrumento de planificación aliñado coas políticas actuais en materia de seguridade viaria no contexto mundial, europeo e nacional co fin de reducir as taxas de mortalidade. En definitiva, a mellora da seguridade viaria na rede de estradas competencia da Comunidade Autónoma. Así mesmo, estase a traballar na elaboración do novo Plan de Seguridade Viaria enmarcado nas estratexias actuais de carácter nacional e internacional de seguridade viaria e nos principios xerais de redución de vítimas e falecidos por accidentes nas estradas e, que dea continuidade ás accións que demostraron a súa eficacia na mellora da seguridade viaria, complementadas por novas iniciativas que busquen reforzar aqueles aspectos non cubertos polas medidas existentes no Plan actual ou cuxos resultados non alcanzaron as metas previstas nun primeiro momento. enmarcarase nas estratexias actuais de carácter nacional e internacional de seguridade viaria e nos principios xerais de redución de vítimas e falecidos por accidentes nas estradas.

O obxectivo fundamental é reducir a sinistralidade na rede de estradas, prestando especial atención a aquelas accións de mellora da seguridade da estradas e á sensibilización, concienciación e respecto por parte dos usuarios da estrada.

Tendo en conta que as actuacións nesta materia non poden unicamente centrarse na infraestrutura e, en consonancia co mencionado plan, cómpre destacar que a Axencia desenvolverá accións específicas para mellora da seguridade viaria, especialmente orientadas aos usuarios máis vulnerables como peóns, ciclistas e motoristas, e a colectivos como nenos e maiores. Darase continuidade a medidas adoptadas en anos anteriores coma a estratexia para actuar en todos os treitos de concentración de accidentes que se identifiquen na rede viaria autonómica de estradas; os cursos de condución segura para motoristas ou campañas en medios de comunicación que incidan nas principais causas de sinistralidade, como as distraccións e impulsaranse novas iniciativas tamén centradas en colectivos vulnerables como nenos e maiores.

Así mesmo, tal e como se recolleu na liña de actuación en materia de planificación, programación e proxectos, cómpre salientar que neste período continúaase co programa de actuacións para mellorar a configuración da estrada en todos os treitos identificados como de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas. Neste senso, dentro do propio Programa Operativo Galicia FEDER 2021-2027 se recolle unha acción relativa a mellora da seguridade viaria en puntos de concentración de accidentes de estradas convencionais interurbanas. Ao mesmo tempo, hai que destacar que tamén neste período do programa operativo se continúa coa acción para o fomento da mobilidade a través da execución do Plan de Senda de Galicia iniciada no anterior período 2014-2020.

En consecuencia, os **obxectivos operativos** establecidos neste apartado son:

- Reducir a perigosidade da RAEGA

3.2.5.- En materia de avaliación e seguimento para a mellora da xestión da axencia

A organización e o sistema de traballo da Axencia deben rexerse polo principio de calidade e mellora continua que garanta un nivel estándar na xestión e prestación de servizos aos destinatarios da súa actividade **coa máxima racionalización dos orzamentos públicos**.

Así mesmo, a entrada en vigor da Lei 4/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula, dentro do marco establecido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a colaboración dentro do sector público autonómico tendo en conta os principios de colaboración, cooperación e asistencia. Neste senso, o principio de autoprovisión de bens e servizos implica a execución de competencias e funcións do sector público autonómico cos medios dispoñibles neste. Como resultado das prescricións contidas nesta lei ditouse a Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría

Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada. Por este motivo, no período de vixencia dos anteriores contratos de xestión puido constatarase que as tarefas e traballos que desenvolve esta Axencia incrementouse notablemente a través dos traballos encomendados por outros centros directivos do sector público autonómico a través dos instrumentos e procedementos de colaboración recollidos na lexislación citada. Por ese motivo resulta pertinente establecer un indicador que recolla esta realidade.

Ademais, dentro do Programa Operativo Galicia FEDER 2021-2027 se recolle unha acción específica relativa á dixitalización e modernización da xestión da rede autonómica de estradas e que da continuidade as operacións xa desenvolvidas nesta materia co programa operativo do período anterior.

- Dixitalización e modernización da xestión da rede autonómica de estradas.

Analizado o contrato de xestión do período anterior e á vista do seguimento dos indicadores establecidos nel, son **objectivos operativos** para mellorar a xestión da axencia para o período 2026-2027, os seguintes:

- Garantir a eficiencia da Axencia na xestión dos procedementos de contratación e relación con outras entidades
- Controlar a xestión dos expedientes de autorizacións e supervisión

4.- PROXECTOS

Cada proxecto integra un conxunto de actividades concretas para a consecución dun obxectivo operativo, con indicación de prazos de execución e resultado final a acadar.

No anexo nº1 do presente contrato de xestión se establecen os proxectos a desenvolver agrupados nas cinco liñas de actuación que, á súa vez, están asociadas aos obxectivos estratéxicos e operativos do contrato de xestión. Así mesmo, inclúense o conxunto de indicadores que serven para avaliar o grao de execución de cada un deles, identificando aqueles que se consideran prioritarios.

5.- INDICADORES DE RESULTADOS

Como **indicadores** de resultados significativos para cada obxectivo operativo da Axencia Galega de Infraestruturas, que conta cun ámbito temporal de 2 anos, defínense os que se relacionan no anexo nº 1, no que se inclúe o seu valor e se vinculan a cada proxecto (que está vinculado a o/os obxectivo/s estratéxico/s e á súa vez á liña de actuación correspondente). Así mesmo, identifícanse aqueles obxectivos operativos prioritarios.

6.- MARCO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

A Axencia Galega de Infraestruturas contará con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia e persoal legoeiro suxeito ao Decreto 3184/1973, do 30 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento xeral de persoal de legoeiros do Estado. En todo caso, quédanlle reservadas ao persoal funcionario as funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Comunidade Autónoma de

Galicia e das administracións públicas, así como aquelas que se determinen na normativa aplicable en materia de emprego público.

O persoal funcionario ao servizo da axencia rexerase polo disposto na normativa reguladora da función pública e nas súas normas de desenvolvemento.

Ao persoal laboral da Xunta de Galicia destinado na axencia garantiránselle os dereitos e deberes que se recollen no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e rexerase polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

7.- RECURSOS ORZAMENTARIOS

7.1.- RECURSOS ORZAMENTARIOS

O financiamento das Axencias Públicas Autonómicas será a través de recursos propios, de transferencias da Comunidade Autónoma e de “Outros”.

a) Financiamento a través de recursos propios: Na Axencia, os principais recursos propios para o período 2026-2027 son:

1. Taxa por ocupación, uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público Viario (TDPV).
2. Tarifa por dirección de contratos (de obras e de servizos) en materia de infraestruturas

b) Financiamento da Comunidade Autónoma: A Axencia percibirá transferencias da Comunidade Autónoma, que poden ser, correntes e de capital.

As transferencias correntes, que son fondos propios (FCA), destinaranse a para financiar os gastos correntes.

Nas transferencias de capital, destinadas a financiar os gastos dos capítulos VI (investimentos reais) e VII (transferencias), distínguense os seguintes fondos:

- Fondos da Comunidade Autónoma
- Fondo de Compensación Interterritorial
- Fondos finalistas do Estado
- Fondos Estruturais

c) Outros: Considéranse fondos propios e serán aqueles que perciba como contraprestación polas actividades que poida realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas

7.2.1.- Ano 2026

O orzamento da Axencia está recollido no proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17/10/2025

O orzamento de ingresos para o ano 2026 na AGI será o seguinte

ORZAMENTO DE INGRESOS 2026		
Capítulo	Conceptos	2026 (€)
III	Taxas, prezos e outros ingresos	3.800.000,00
IV	Transferencias correntes	19.752.192,00
Total Ingresos Correntes		23.552.192,00
VII	Transferencias de capital	224.038.900,00
Total Ingresos de Capital		224.038.900,00
TOTAL INGRESOS 2026 AGI		247.591.092,00

O orzamento de gastos para o exercicio 2026 será o seguinte:

ORZAMENTO DE GASTOS 2026		
Capítulo	Conceptos	2026 (€)
I	Gastos de persoal	15.867.558,00
II	Gastos en bens correntes e servizos	1.055.617,00
III	Gastos financeiros	50.000,00
IV	Transferencias correntes	6.579.017,00
Total Gastos Correntes		23.552.192,00
VI	Investimentos reais	203.981.117,00
VII	Transferencias de capital	20.057.783,00
Total Gastos de Capital		224.038.900,00
TOTAL GASTOS 2026 AGI		247.591.092,00
*	Non se inclúen os créditos derivados de encomendas de xestión ou acordos de colaboración con outras entidades do sector público autonómico	

7.2.2.- Previsión 2026-2027

Respecto á senda financeira, as dotacións de fondos para a entidade son meras estimacións e están suxeitas a variación.

Para cuantificar os ingresos e gastos para o período de vixencia deste contrato de xestión tense en conta por un lado o proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17/10/2025, e por outro lado a evolución dos orzamentos nos últimos anos para poder estimar os importes para o ano 2027, coas salvidades previstas nos parágrafos anteriores (Non se inclúen os créditos derivados de encomendas de xestión ou acordos de colaboración con outras entidades do sector público autonómico)

Neste senso, establecece un incremento interanual do 0,1% de conformidade cos datos obtidos dos orzamentos desta Axencia durante o período abranguido polos catro últimos contratos de xestión (2018-2019, 2020-2021, 2022-2023, 2024-2025) e o proxecto de lei de orzamentos para o 2026.

AGI	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026
TOTAL	277.339.088,00 €	270.643.929,00 €	232.871.172,00 €	243.968.223,00 €	257.671.616,00 €	264.037.239,00 €	260.561.901,00 €	244.499.429,00 €	247.591.092,00 €
variación anual	10,67297%	-2,41407%	-13,95662%	4,76532%	5,61688%	2,47044%	-1,31623%	-6,16455%	1,26449%

7.2.3.- Orzamento asociado a cada obxectivo estratéxico e operativo

O investimento inicialmente previsto para o desenvolvemento de cada plan e poder acadar os obxectivos operativos é o seguinte:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	INVESTIMENTO 2026 (M€)	INVESTIMENTO 2027 (M€)
1. Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas	13,98	13,99
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma, conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa	203,47	203,68
3. Garantir a seguridade na mobilidade, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.	22,68	22,70
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia	7,46	7,47
TOTAL GASTOS POS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	247,59	247,84

Para os obxectivos operativos, o desglose reflíctese na seguinte táboa:

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	OBXECTIVOS OPERATIVOS	INVESTIMENTO 2026 (M€)		INVESTIMENTO 2027 (M€)	
1. Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas	Planificar as actuacións na rede de estradas en coherencia coas demandas dos usuarios	3,88	13,98	3,88	13,99
	Harmonizar a protección da Rede Autonómica de Estradas de Galicia coa ordenación urbanística das súas marxes	10,10		10,11	
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma, conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa	Mellorar a eficiencia na execución de obras	127,14	203,47	127,27	203,68
	Garantir a conservación da RAEG como medio imprescindible de asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación así como a vialidade invernal	73,45		73,52	
	Estudar o uso e explotación da RAEGA e controlar eficientemente a súa xestión administrativa	2,88		2,88	
3. Garantir a seguridade na mobilidade, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.	Reducir a perigosidade da RAEG	22,68	22,68	22,70	22,70
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia	Cumprir os obxectivos da axencia cos medios humanos dispoñibles	2,79	7,46	2,79	7,47
	Garantir a eficiencia da Axencia na xestión dos procedementos de contratación e relación con outras entidades	2,06		2,06	
	Controlar a xestión dos expedientes de autorizacións e supervisión	2,61		2,61	
		247,59	247,59	247,84	247,84

8.- CRITERIOS E MECANISMOS PARA A ESIXENCIA DE RESPONSABILIDADE Ó PERSOAL DIRECTIVO.

O persoal directivo da Axencia, o que se refire o artigo 28 dos seus estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Tal esixencia procederá no caso de que non se acade o “valor de responsabilidade” para, como mínimo, o 60% dos indicadores relativos ós obxectivos operativos asociados a cada área de xestión da Axencia de forma exclusiva (é dicir, exclúese do cálculo o indicador asociado ó obxectivo operativo do Plan de actuación de recursos humanos o ser dependente de todas as áreas de xestión) segundo se recolle no anexo I.

Neste suposto de incumprimento, o Consello Reitor, a iniciativa propia ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron ese “valor de responsabilidade” poderá apercibir formalmente aos xefes das correspondentes áreas.

En último termo, se durante tres exercicios consecutivos se produce o apercibimento de algún membro do equipo directivo, o consello reitor poderá aprobar o seu cese, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, e no caso de que se acade o “valor estándar” para, como mínimo, o 80% dos indicadores relativos ós obxectivos operativos asociados a cada área de xestión da Axencia de forma exclusiva segundo se recolle no anexo I, os titulares dos ditos postos poderán ser acredores das medidas de recoñecemento que o Consello Reitor estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.

9.- O PROCEDEMENTO PARA A INTRODUCCIÓN DE MODIFICACIÓNS OU ADAPTACIÓNS

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do Contrato de Xestión, serán aprobadas polo Consello Reitor.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do Contrato de Xestión nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Axencia da financiación prevista neste contrato de xestión
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou específicos.
- A variación da contía do “valor estándar” e/ou o “valor de responsabilidade” dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato de xestión.

10.- EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Axencia de Infraestruturas adecuará a súa actuación ó presente contrato de xestión, de conformidade coas liñas de actuación detalladas, e os proxectos que desenvolven cada un dos mesmos, durante o período de 2 anos que corresponde á vixencia daquel.

Para avaliar o súa efectividade establécense unha serie de obxectivos estratéxicos e operativos cuxa consecución se cuantifica a través dun número finito de indicadores tal e como se recolleu anteriormente, de tal forma que se

entenderá que **a Axencia desenvolveu con éxito o contrato de xestión se alo menos dá cumprimento ao 75% dos seus obxectivos estratéxicos.**

Para determinar que se alcanza un obxectivo estratéxico cando se obteña un resultado favorable como mínimo no 50% dos obxectivos operativos que conforman cada un daqueles.

Por último, os indicadores recollidos no anexo I son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos operativos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 50% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

11.- COMISIÓN DE CONTROL

Segundo o estipulado no artigo 87. da LOFAXGA, na súa nova redacción introducida pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, constitúese unha Comisión de Control, baixo a dependencia orgánica do consello reitor, que estará integrada por un representante da consellería competente en materia de facenda, un representante da Axencia Galega de Infraestruturas, un representante da consellería de adscrición e un representante da consellería competente en materia de avaliación e reforma administrativa.

A persoa que ocupe a Secretaría da comisión será designada e nomeada polo Consello Reitor, entre o persoal que presta servizos na axencia, e asistirá ás reunións con voz pero sen voto.

Esta Comisión de Control reunirase para exercer as seguintes funcións:

- Solicitar información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais e demais normas aplicables, así como coñecer dos informes de

auditoría de contas e adicionais sobre funcionamento de control interno, e propoñer ao Consello Reitor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.

- Analizar os resultados da xestión económico-financeira a través da información que deberán proporcionarlle os órganos xestores.
- Elaborar para o Consello Reitor, coa periodicidade que este decida informes sobre o desenvolvemento e execución do contrato de xestión.
- Propoñer as medidas que considere oportunas para garantir o cumprimento dos obxectivos do contrato de xestión.
- En xeral, o seguimento do desenvolvemento e avaliación da actividade da Axencia.

12.- COMPROMISOS RECÍPROCOS

Como cláusula final do presente Contrato de Xestión, recóllese neste apartado os compromisos máis relevantes que adoptan as partes.

Por parte da Xunta de Galicia:

- A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Axencia, segundo o establecido no Contrato de Xestión, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.
- Prestar o apoio e as infraestruturas necesarias para a xestión ordinaria da Axencia.

Por parte da Axencia Galega de Infraestruturas:

- Acadar o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido na cláusula 10 cos recursos asignados.
- Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden.



ANEXO: INDICADORES

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, PLANS DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS OPERATIVOS, PROXECTOS E INDICADORES DO CONTRATO DE XESTIÓN

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	PLANS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS OPERATIVOS	PROXECTO	INDICADORES	VALOR ESTÁNDAR 2026	VALOR ESTÁNDAR 2027	ÓRGANO EXECUTIVO/PERSOAL DIRECTIVO	VALOR DE RESPONSABILIDADE
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia	Recursos humanos	Cumprir os obxectivos da axencia cos medios humanos dispoñibles	Proxecto de eficiencia do persoal no traballo	% de cumprimento dos indicadores do contrato de xestión * Teranse en conta os indicadores do resto de plans de actuación	60% dos indicadores ou 75% dos indicadores de obxectivos prioritarios	60% dos indicadores ou 75% dos indicadores de obxectivos prioritarios	Axencia Galega de Infraestruturas ¹	Cando non se acade o 70% de valor estándar
1. Exercer de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas	Planificación, Programación e Proxectos	Planificar as actuacións na rede de estradas en coherencia coas demandas dos usuarios	Proxecto de elaboración de documentos técnicos de construción de estradas	Kms de estrada acondicionada que contan con PC aprobado	29	31	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Kms de sendas que contan con PC aprobado	190	195	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				N.º de proxectos de melloras de paradas de autobús	12	14	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				N.º de proxectos de novas vías o desdoblamento aprobados	5	7	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
			Proxecto de planificación de estradas	N.º de proxectos de conservación aprobados tecnicamente no ano natural	8	8	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Nº de proxectos aprobados dentro da estratexia en materia de seguridade viaria para a eliminación de tramos de estradas con concentración de accidentes	36	39	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Nº de proxectos para a redución da emisión de ruídos nas estradas da RAEG	4	6	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de poboación que se sitúa a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións no horizonte do contrato de xestión	85,6%	85,7%	Axencia Galega de Infraestruturas ¹	Cando non se acade o 70% de valor estándar
		Harmonizar a protección da Rede Autonómica de Estradas de Galicia coa ordenación urbanística das súas marxes	Proxecto de coordinación cos instrumentos de ordenación do territorio	Tempo medio (días) para a emisión de informes nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación urbanística que afecten á Rede Autonómica de Estradas de Galicia	90	90	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando se aumente en 15 días o valor estándar
				Tempo medio (días) para a emisión de informes nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación do territorio que afecten á Rede Autonómica de Estradas de Galicia	90	90	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando se aumente en 15 días o valor estándar
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes con instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma, conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa	Construción, conservación e explotación.	Mellorar a eficiencia na execución de obras	Proxecto de eficiencia na construción de obras	$I_e = \frac{\sum OrzamentoFinalObra}{\sum OrzamentoBaseLicitación}$ Refírese as obras novas e de mellora/acondicionamento postas en servizo no ano O orzamento final inclúe as incidencias e medición final da obra (sen IVE)	1,06	1,06	Área de Construción e Conservación	Cando se supere o 130% do valor estándar
				$I_e = \frac{\sum OrzamentoFinalObra}{\sum OrzamentoBaseLicitación}$ Refírese as obras de conservación postas en servizo no ano O orzamento final inclúe as incidencias e medición final da obra (sen IVE)	1,06	1,06	Área de Construción e Conservación	Cando se supere o 130% do valor estándar
				% de incidencias orzamentarias positivas no desenvolvemento das infraestruturas con respecto ao conxunto total de contratos en vigor	20,00 %	20,00 %	Área de Construción e Conservación	Cando se supere o 130% do valor estándar
		Garantir a conservación da RAEGA como medio imprescindible de asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación así como a vialidade invernál	Proxecto de conservación ordinaria e vialidade invernál da rede autonómica	Pés de especies arbóreas pirófitas e/ou invasoras retirado en dominio público viario (Uds)	5.000	5.000	Área de Construción e Conservación	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Desbroce e segado de vexetación (km)	9.000	9.000	Área de Construción e Conservación	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				nº de sinais verticais renovadas	2.500	2.500	Área de Construción e Conservación	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Conservación de marcas viais (km)	2.500	2.500	Área de Construción e Conservación	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				nº de inspeccións principais de obras de paso	235,00	235,00	Área de Construción e Conservación	Cando non se acade o 70% do valor estándar
		Estudar o uso e explotación da RAEGA e controlar eficientemente a súa xestión administrativa	Proxecto de control do uso e explotación da RAEGA	Nº de estacións de aforo magnéticas activas anualmente	150	150	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Nº de estación de aforo neumáticas instaladas anualmente	100	100	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				Tempo medio (días naturais) para a publicación na web da Consellería das actualizacións sobre a RAEG en explotación desde a aprobación da súa modificación	60	55	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando se aumente en 15 días o valor estándar
3. Garantir a seguridade na mobilidade, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.	Seguridade viaria	Reducir a perigosidade da RAEGA	Proxecto de redución da accidentalidade	Nº de actuacións de seguridade viaria e en Treitos de Concentración de Accidentes (TCAs) executadas	5	5	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de proxectos de novo trazado ou acondicionamento de estradas que contan con un estudo de seguridade viaria da actuación	90,0%	90,0%	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de redución do índice de perigosidade (IP) dese ano con respecto ao valor máximo de IP anual dos últimos dez anos na RAEGA	0,2%	0,2%	Axencia Galega de Infraestruturas ¹	Cando non se acade o 70% de valor estándar
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia	Avaliación e seguimento para a mellora da xestión da axencia	Garantir a eficiencia da Axencia na xestión dos procedementos de contratación e relación con outras entidades	Proxecto de mellora da xestión de procedementos de adxudicación de contratos e relación con outras entidades	% de encomendas de xestión á Axencia Galega de Infraestruturas atendidas dentro do sector público autonómico	90,00%	90,00%	Área de Contratación e Administración	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de solicitudes de cambios de titularidade de tramos de estradas a favor doutras Administracións dos que se inicia a súa tramitación en menos de 30 días	90,00%	90,00%	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de propostas de resolución dos recursos interpostos nos procedementos de adxudicación de contratos nun prazo de 30 días	90,00%	90,00%	Área de Contratación e Administración	Cando non se acade o 70% de valor estándar
		Controlar a xestión dos expedientes de autorizacións e supervisión	Proxecto de mellora dos expedientes de autorizacións e supervisión de proxectos	% de solicitudes de autorización presentadas por canles dixitais	80,00 %	80,00 %	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de expedientes de autorización finalizados en relación ao número de solicitudes recibidas	85,00 %	85,00 %	Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria	Cando non se acade o 70% de valor estándar
				% de proxectos que a oficina de supervisión informa favorablemente nun prazo igual ou inferior a 20 días	90%	90%	Área de Deseño de Infraestruturas	Cando non se acade o 70% de valor estándar

NOTA: Obxectivos Operativos Prioritarios

¹ O órgano executivo é a Axencia Galega de Infraestruturas dado o carácter transversal do indicador e que, polo tanto, reflicte o traballo desenvolvido por todas as áreas da axencia

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, PLANS DE ACTUACIÓN, OBXECTIVOS OPERATIVOS, PROXECTOS E INDICADORES DO CONTRATO DE XESTIÓN

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	PLANS DE ACTUACIÓN	OBXECTIVOS OPERATIVOS	PROXECTO	INDICADORES	VALOR INCIAL *	METODOLOXÍA
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia	Recursos humanos	Cumprir os obxectivos da axencia cos medios humanos dispoñibles	Proxecto de eficiencia do persoal no traballo	% de cumprimento dos indicadores do contrato de xestión * Teranse en conta os indicadores do resto de plans de actuación	non procede	Con este indicador compróbase o grado de cumprimento dos obxectivos operativos recollidos no resto de plans de actuación cos recursos humanos dispoñibles na Axencia, co fin de valorar o grado de eficiencia do conxunto do persoal
1. Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas	Planificación, Programación e Proxectos	Planificar as actuacións na rede de estradas en coherencia coas demandas dos usuarios	Proxecto de elaboración de documentos técnicos de construción de estradas	Kms de estrada acondicionada que contan con PC aprobado	25	Calcúlanse os quilómetros dos proxectos aprobados (acumulativamente) que melloren o trazado ou a concepción de estradas existentes
				Kms de sendas que contan con PC aprobado	172	Calcúlanse os quilómetros dos proxectos aprobados (acumulativamente) relativos á actuacións dentro da estratexia de fomento da mobilidade alternativa
				N.º de proxectos de melloras de paradas de autobús	9	Contabilízanse os proxectos aprobados (acumulativamente) relativos á actuacións de mellora de paradas de autobús
				N.º de proxectos de novas vías o desdoblamento aprobados	4	Contabilízanse o números de proxectos de estradas (acumulativamente) que supoñan un novo trazado o un desdoblamento dunha estrada actual
			Proxecto de planificación de estradas	N.º de proxectos de conservación aprobados tecnicamente no ano natural	non procede	Contabilízanse o números de proxectos construtivos relativos á conservación da estrada dentro do ano natural
				Nº de proxectos aprobados dentro da estratexia en materia de seguridade viaria para a eliminación de tramos de estradas con concentración de accidentes	32	Contabilízanse o número de documentos técnicos aprobados (acumulativamente) dentro da estratexia en materia de seguridade viaria para a eliminación de treitos ou zonas problemáticas nas estradas
				Nº de proxectos para a redución da emisión de ruídos nas estradas da RAEG	2	Contabilízanse o número de documentos técnicos aprobados (acumulativamente) que teñen como finalidade a redución de ruídos nas estradas da RAEG
				% de poboación que se sitúa a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións no horizonte do contrato de xestión	85,4%	Calcúlase a poboación de conformidade cos datos dos Institutos estatísticos e dos censos poboacionais de todos os núcleos que se sitúan a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.
		Harmonizar a protección da Rede Autonómica de Estradas de Galicia coa ordenación urbanística das súas marxes	Proxecto de coordinación cos instrumentos de ordenación do territorio	Tempo medio (días) para a emisión de informes nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación urbanística que afecten á Rede Autonómica de Estradas de Galicia	Non procede	Media aritmética do tempo transcorrido entre a solicitude de informe nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación urbanística que afecten á RAEG e a emisión do informe correspondente, medida entre a data de rexistro de entrada do documento e a data de saída do informe.
				Tempo medio (días) para a emisión de informes nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación do territorio que afecten á Rede Autonómica de Estradas de Galicia	Non procede	Media aritmética do tempo transcorrido entre a solicitude de informe nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación urbanística e do territorio que afecten á RAEG e a emisión do informe correspondente, medida entre as datas de rexistro de entrada e saída de cada documento, respectivamente
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa Comunidade Autónoma conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa	Construción, conservación e explotación.	Mellorar a eficiencia na execución de obras	Proxecto de eficiencia na construción de obras	$I_c = \frac{\sum OrzamentoFinalObra}{\sum OrzamentoBaseLicitación}$ Refírese as obras novas e de mellora/acondicionamento postas en servizo no ano O orzamento final inclúe as incidencias e medición final da obra (sen IVE)	non procede	Na totalidade das obras de novo trazado, mellora e acondicionamento postas en servizo no ano (segundo a data da acta de recepción ou de ocupación) calcúlase o cociente entre o orzamento final total da obra coas súas incidencias (incluíndo as certificacións ordinarias, a certificación final e os modificados que houbera) e o seu orzamento base de licitación
				$I_c = \frac{\sum OrzamentoFinalObra}{\sum OrzamentoBaseLicitación}$ Refírese as obras de conservación postas en servizo no ano O orzamento final inclúe as incidencias e medición final da obra (sen IVE)	non procede	Na totalidade das obras de conservación postas en servizo no ano (segundo a data da acta de recepción ou de ocupación) calcúlase o cociente entre o orzamento final total da obra coas súas incidencias (incluíndo as certificacións ordinarias, a certificación final e os modificados que houbera) e o seu orzamento base de licitación
				% de incidencias orzamentarias positivas no desenvolvemento das infraestruturas con respecto ao conxunto total de contratos en vigor	non procede	Contabilízase o número de obras con incidencias económicas positivas durante o ano natural (incrementos económicos que supoñen a aprobación nese mesmo ano dun modificado do proxecto non previsto nos Pregos do contrato) en relación ao total de obras en curso nese ano (obras que tiveron prazo de execución vixente entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro dese ano)
		Garantir a conservación da RAEG como medio imprescindible de asegurar o patrimonio viario e evitar a súa degradación así como a vitalidade invernal	Proxecto de conservación ordinaria e vitalidade invernal da rede autonómica	Pés de especies arbóreas prófítas e/ou invasoras retirado en dominio público viario (Uds)	non procede	Este indicador representa o número de pés de árbores retirados no ano natural dos noiros nas marxes da rede autonómica de estradas que supoñen un perigo para a seguridade viaria pola súa proximidade á vía ou risco de caída
				Desbroce e segado de vexetación (km)	non procede	Este indicador representa os km totais da rede de estradas autonómicas nas que durante o ano se levou a cabo o desbroce e segado da vexetación herbácea e arbustiva por cada unha das marxes da calzada
				nº de sinais verticais renovadas	non procede	Este indicador representa o total de unidades de sinais verticais repostas ou renovadas nun ano na rede de estradas autonómicas
				Conservación de marcas viais (km)	non procede	Este indicador representa o total de km da rede de estradas autonómicas nas durante o ano se levou a cabo algunha actuación de reposición, renovación ou conservación das marcas viais.
				nº de inspeccións principais de obras de paso	non procede	Este indicador representa o total de inspeccións principais que se levaron a cabo durante o ano nas obras de paso de máis de 3m de luz da rede autonómica de estradas
		Estudar o uso e explotación da RAEGA e controlar eficientemente a súa xestión administrativa	Proxecto de control do uso e explotación da RAEGA	Nº de estacións de aforo magnéticas activas anualmente	non procede	calcúlase o número de estacións de aforo magnéticas que cada ano se programan para que aforen datos.
				Nº de estación de aforo neumáticas instaladas anualmente	non procede	Calcúlase o número de estacións de aforo neumáticas instaladas cada ano
				Tempo medio (días naturais) para a publicación na web da Consellería das actualizacións sobre a RAEG en explotación desde a aprobación da súa modificación	non procede	Media aritmética do tempo transcorrido entre a publicación no Diario Oficial de Galicia de decretos de cambio de titularidade que lle afecten as estradas da RAEG, de decretos de modificación do Catálogo da RAEG ou de ordes de actualización do Catálogo da RAEG e a publicación na páxina web da Consellería da documentación actualizada e do listado de estradas da RAEG en servizo
3. Garantir a seguridade na mobilidade, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.	Seguridade viaria	Reducir a perigosidade da RAEGA	Proxecto de redución da accidentalidade	Nº de actuacións de seguridade viaria e en Treitos de Concentración de Accidentes (TCAs) executadas	non procede	Contabilízanse as obras destinadas á mellora de seguridade viaria en materia de accidentes postas en servizo nese ano, entendendo como tales as obras que engloban unha serie de medidas destinadas a mellorar a seguridade viaria dun treito, obras en TCAs, reparación de pontes, iluminación, mellorar a accesibilidade, etc. Non entran neste indicador os reforzos de firme ou outras pequenas actuacións propias do correcto mantemento da estrada tales como melloras de drenaxes, semáforos, acondicionamentos de camiños de servizo, limpeza ou estabilizacións de noiros, melloras de cartelería, correccións do deslizamento, reparacións de colectores de drenaxe, reparacións de beirarrúas, reposición de servizos, instalación de paradas bus, etc
				% de proxectos de novo trazado ou acondicionamento de estradas que contan con un estudo de seguridade viaria da actuación	non procede	Contabilízanse os proxectos aprobados que contan cun estudo de seguridade viaria con respecto o número total de proxectos aprobados durante o ano natural relativos a actuacións de novo trazado ou acondicionamento de estradas que implique unha alteración substancial
				% de redución do índice de perigosidade (IP) dese ano con respecto ao valor máximo de IP anual dos últimos dez anos na RAEGA	non procede	Redución en porcentaxe do índice de perigosidade dese ano con respecto ao valor máximo que se tivera rexistrado nos dez anos anteriores sendo : $IP = \frac{N^{\circ}accidentes_con_victimas * 10^3}{365 * IMD * Longitude}$
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da Axencia	Avaliación e seguimento para a mellora da xestión da axencia	Garantir a eficiencia da Axencia na xestión dos procedementos de contratación e relación con outras entidades	Proxecto de mellora da xestión de procedementos de adxudicación de contratos e relación con outras entidades	% de encomendas de xestión á Axencia Galega de Infraestruturas atendidas dentro do sector público autonómico	non procede	Contabilízase o número de encomendas de xestión á Axencia dende outros organismos do sector público autonómico que non poden ser atendidas con respecto ó número total de solicitudes
				% de solicitudes de cambios de titularidade de tramos de estrada a favor doutras Administracións dos que se inicia a súa tramitación en menos de 30 días	non procede	Contabilízase o número de solicitudes de cambios de titularidade de tramos de estrada a favor doutras administracións das que se inicia a súa tramitación respecto o número total de solicitudes achegadas dentro do ano natural
				% de propostas de resolución dos recursos interpostos nos procedementos de adxudicación de contratos nun prazo de 30 días	non procede	Calcúlase a porcentaxe de propostas de resolución emitidas pola Axencia en relación aos recursos interpostos contra os procedementos de adxudicación das licitacións de contratos que se emitiron nun período máximo de 20 días que se iniciaron como máximo no período de 30 días seguintes dende a recepción de todas as reclamacións patrimoniais recibidas na axencia no ano natural
		Controlar a xestión dos expedientes de autorizacións e supervisión	Proxecto de mellora dos expedientes de autorizacións e supervisión de proxectos	% de solicitudes de autorización presentadas por canles dixitais	non procede	O dato obtense a través dunha consulta na aplicación de xestión de expedientes de autorizacións Tramit@ e refírese á porcentaxe de solicitudes presentadas por canles dixitais durante o ano natural, de procedementos dos expedientes de autorizacións en materia de estradas autonómicas
				% de expedientes de autorización finalizados en relación ao número de solicitudes recibidas	non procede	O dato obtense a través dunha consulta na aplicación de xestión de expedientes de autorizacións Tramit@ e refírese á porcentaxe que representa o número de expedientes finalizados durante o ano de procedementos dos expedientes de autorizacións en materia de estradas autonómicas, en relación ao número de solicitudes de autorización recibidas no ano
				% de proxectos que a oficina de supervisión informa favorablemente nun prazo igual ou inferior a 20 días	non procede	Calcúlanse a porcentaxe dos informes favorables emitidos pola oficina de Supervisión de proxectos no prazo de 20 días naturais respecto o total de informes favorables emitidos dentro do ano natural

NOTA: Obxectivos Operativos Prioritarios

* Establécese o valor inicial es aqueles indicadores que procede a súa inclusión por tratarse dun proxecto concreto que avalía a consecución dun obxectivo sen vocación de continuidade permanente, se non durante un período finito

As fontes de procedencia dos datos necesarios para o cálculo dos indicadores obtense da xestión propia da Axencia e os expedientes tramitados a excepción dos censos poboacionais que se acude ás referencias de carácter público dos institutos estatísticos.